

**Victor Guerreiro  
Para que  
As Pontes siga  
avanzando**





## AS PONTES



O **programa** que o BNG propón aos seus veciñ@s é, como é norma, **realista e integrador**; todas e cada unha das actuacións que se reflictan nel están planificadas e deseñadas despois de escoitar, tanto dende os mecanismos de **participación colectiva** como co contacto individual e directo, as necesidades, demandas e suxestións dos pontes@s, coas súas prioridades, e de analizar a súa viabilidade de realización nos vindeiros catro anos, **fuxindo de promesas imposibles**, demagóxicas, da “**venda de fume**”, da charlatanería.

A visión das Pontes que ten o BNG é dun todo como suma das partes, a dunha **vila para traballar**, en calquera dos sectores, non só no industrial, tamén nos servizos, no turismo, no agrogandeiro, por conta allea ou creando a propia empresa; a dunha **vila para vivir**, con máis e mellores zonas de esparcemento e ocio, **para todos os colectivos**, con independencia da súa idade ou condición, apostando polo **desenvolvemento sostible**, pola posta en valor e o respecto aos seus recursos, con máis e mellores equipamentos e infraestruturas públicas,

## PENSADO PARA TÍ

gozando e potenciando a nosa cultura e os nosos deportes, cun claro **compromiso social**, e cunha **xestión** do Concello **seria, rigurosa e eficaz**. En definitiva, o BNG propón aos seus veciñ@s un As Pontes pensado para todos e cada un deles, un concello dende onde tamén se faga País.

E para levalo adiante o BNG presenta unha **candidatura** compacta, equilibrada, coherente, **experimentada**, comprometida, e cunha porcentaxe de **renovación** que permite manter e aproveitar a necesaria e indespensable **experiencia e credibilidade** de goberno (é **a única** candidatura con esta característica) e incorporar xente nova e nova xente, **sen interese particular** ningún, experimentada noutros ámbitos (movementos veciñais, deportivos, culturais, educativos, sociais, ambientais, sindicais, empresariais, ...), para un **traballo en equipo** e co respaldo dunha Organización que defende, sen dúbida, sen ambigüidades, os **intereses das Pontes** e, polo tanto, de **Galiza**.

2003/2007



O PASEO DO RÍO  
xa é unha realidade,  
executado nunha  
terceira parte,  
recupera para  
As Pontes unha zona  
de paseo e lecer ata  
agora inexistente.



O PASEO PEONIL xunto co paseo  
do río une todas as áreas do núcleo urbano co Eume  
conectando áreas de paseo, de xogo, esparcemento...

O CARRIL BICI complementa as zonas de paseo,  
cunha nova posibilidade para disfrutar da beleza  
natural da vila dun xeito limpo e saudable.

As áreas de lecer completáronse con  
**NOVOS PARQUES INFANTÍS  
EN CADA BARRIO**

valados , con pavimento de seguridade,  
bancos e xogos no: Cal de da Ávelaiña,  
Chamoselo, Poboad do Barreiro, Poboad  
do Anguiero, Poboad da Magdalena,  
as Campeiras...

Un grande esforzo desenvolto  
porque queremos facer  
das Pontes o mellor lugar  
para vivir.



## UNHA VILA PENSADA PARA VIVIR



NOS 4 ANOS VINDEIROS:

REMATAREMOS O PASEO  
DO RÍO NAS ZONAS:

VILAVELLA / PONTE DOS CHAOS /  
PONTE DE ISABEL II / RÍO CHAMOSELO



CREAREMOS UNHA GRAN ZONA DE ESPARCEMENTO E OCIO NO CANLE 4:  
DEDICADA A ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE QUE CUBRIRÁN AS DEMANDAS DE TODOS OS CIDADÁNS DURANTE TODO O ANO  
(Áreas de ocio dedicadas a nenos/as, deportivas para mozos/as e para maiores, zonas cubertas...)

PLANIFICAREMOS CON RIGOROSIDADE O FUTURO LAGO DAS PONTES:

TEMOS VISITADO E MANTEMOS CONTACTO CON OUTRAS LOCALIDADES EUROPEAS  
ONDE XA SE LEVARON A CABO PROYECTOS SIMILARES: FRANCIA, ALEMANIA...

INTERÉSANOS A PLANIFICACIÓN E A FUTURA XESTIÓN DO LAGO E AS ÁREAS CIRCUNDANTES,  
QUEREMOS QUE O LAGO DAS PONTES REFLECTA O SENTIR DE TODOS/AS CIDADÁNS, POR ISO O PROXECTO FINAL  
RECOLLERÁ ADEMAIS DAS EXPERIENCIAS NOUTRAS LOCALIDADES UN CONCURSO DE IDEAS A NIVEL INTERNACIONAL.  
O LAGO SERÁ O QUE QUEIRAMOS QUE SEXA.



2007/2011

2003/2007

Nestes 4 anos o Concello ten desenvolto un grande esforzo para mellorar e ampliar o solo industrial dispoñible, para ofrecer un prezo competitivo e bonificacións fiscais que complementen as subvencións existentes.

Promovemos a colaboración pública e privada e os acordos cos axentes económicos e sociais para xerar riqueza e emprego na nosa vila.



#### NOS AIRÍOS DUPLICAMOS A SÚA SUPERFICIE INDUSTRIAL

adquirindo terreo a custo cero para o concello mediante convenio con Endesa e asumindo a súa execución con fondos propios en máis dun 80% (ante a incapacidade do Plan da Minería para contribuír en maior medida). Foron ofertadas 18 parcelas e contamos con 24 proxectos empresariais presentados coa previsión da creación de máis de 140 postos de traballo directos e indirectos.

NOS AIRÍOS VELLO, os empresarios asentados puideron acceder á súa propiedade cun custo asequible (entre os 10 e 13 euros/m<sup>2</sup>)

#### PENAPURREIRA REMADE FASES A Y B

do parque empresarial, sen custo económico para o concello e con ingresos extraordinarios, mediante convenio con EINSA

#### AMPLIACIÓN EN 200.000M<sup>2</sup>

financiada pola Consellería de Vivenda e Solo con proxectos que ocuparían o 100% da superficie

#### CRUZ DAS CABEZAS

exemplo de colaboración pública e privada acordo cos propietarios do polígono industrial para o seu desenvolvemento e ampliación mediante axudas da Consellería de Industria para redactar a documentación necesaria



# PARA TRABALLAR E PARA MEDRAR



#### NOS 4 ANOS VINDEIROS:

AMPLIAREMOS EN 1.850.000M<sup>2</sup> O PARQUE EMPRESARIAL DE PENAPURREIRA xunto coa Consellería de Vivenda e Solo



#### PROMOVEREMOS UN BANCO DE IDEAS QUE DESCUBRA AS NECESIDADES DAS EMPRESAS, BUSQUE E AXUDE OS EMPREDEDORES CAPACES DE DARLES RESPSTA

continuando deste xeito co Programa de Autoemprego, impulsado polo Concello e desenvolto coas empresas que lle prestaban servizos: Buxaina (encargada da escola infantil), Trisquel (matamento de xardíns), Soleiro (de enerxías renovables) ou Cooperativa Lar (que presta a axuda a domicilio).

Bos exemplos para arrincar cun CENTRO DE RECURSOS baseado en fórmulas de economía social, e que estará situado no Centro de Dinamización Empresarial para fomentar a emprendizaxe nos centros de formación e nas escolas.

#### IMPULSAREMOS UNHA ENTIDADE DE XESTIÓN DE TODAS AS SUPERFICIES INDUSTRIALIS

Integrada polos empresarios, os promotores e o concello e situada no centro de dinamización empresarial e incubadora de empresas. Terá como obxectivo e a mellora de servizos para as empresas ademais do mantemento e conservación das superficies industriais existentes.

#### FOMENTAREMOS OUTRAS ACTIVIDADES ADEMAIS DAS INDUSTRIALIS

desenvolvendo o turismo industrial, a través do parque da enerxía, para apoiar o sector servizos promocionando o comercio e a hostelería



2007/2011

2003/2007

Melloramos o Concello sen aumentar os impostos, promovemos actuacións e acordos co sector privado que, axustadas á legalidade, resolván erros anteriores sen responsabilizar economicamente os veciños dos mesmos.

Buscamos promotores que recuperen os edificios en situación ruinosa, como vía para combater o feísmo.

**MELLORA INFRAESTRUTURAS VIARIAS:**  
rematando xa co illamento histórico do concello e transformándoo nun nodo de comunicacións  
ESTRADA CABANAS AS PONTES / AUTOVÍA FERROL VILALBA no seu treito ata Cabreiros  
CIRCUNVALACIÓN DA ESTRADA A ORTIGUEIRA



**MELLORAS DA REDE SUMIDOIROS, DA REDE DE AUGA E LUZ E ABASTECEMENTO DE GAS ÓS POLÍGONOS INDUSTRIALIS**  
(con finaciamento íntegro da Consellería de Industria)

**MELLORAS URBANÍSTICAS**  
MEDIANTE ACORDOS COS PROPIETARIOS  
Acordo coa familia GABEIRAS-VÉREZ para a AMPLIACIÓN DA ENTRADA á AVDA. DA HABANA o Concello faiase cargo do derrubamento e o promotor cede o solo.  
APERTURA DE NOVAS RUAS (a rúa entre a Avda. da Habana e a Avda. de Galicia) realizada e financiada polos promotores.

**NOVO SERVIZO DE LIMPEZA,**  
PONÉNDONOS AO NIVEL DE VILAS DE MAIOR TAMAÑO

**INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN:**  
INSTALACIÓN DO CABLE: ALTA VELOCIDADE E CON ISTO AS TECNOLOGÍAS DA INFORMACIÓN  
Buscamos un provedor, aproveitando as obras das estradas propuxemos a R adiantar a chegada do cable QUE ÁINDA NON TINA PREVISTA.  
A onde non chegou R chegou o Concello, no rural cos telecentros mediante satélite e nos parques industriais mediante wifi.

# CUN CONCELLO QUE INVISTE E MELLORA



NOS 4 ANOS VINDEIROS:

**SEGUIREMOS MELLORANDO INFRAESTRUTURAS VIARIAS**

ESTRADA AIRÓS-MOMÁN  
da que se está a redactar o proxecto construtivo,  
Mellora do treito á rotonda da Vilavella  
e á rotonda autovía Ferrol-Vilalba  
Mellora da estrada Vilavella, Ribadeume,  
Faeira, San Pedro de Eume, Goente



**REMAFE E APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**POÑEREMOS EN MARCHA O PLAN ESPECIAL DE REHABILITACIÓN INTEGRAL PARA O NÚCLEO ANTIGO**  
con axudas para os propietarios en colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo



**CONSTRUIREMOS A REDE DE COLECTORES E A DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS E INDUSTRIALIS**

**MELLORAREMOS OS SERVIZOS:**

REDE DE GAS DOMÉSTICO, TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE E SERVIZOS DIXITAIS

2007/2011

2003/2007

A recente adhesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, impulsado pola Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia, permitirános mellorar a prestación e a xestión dos servizos diminuíndo e chegando a anular nalgúns casos as achegas do Concello.

Isto permitirános seguir mellorando e cubrindo novas necesidades sociais.

### CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE DÍA PARA MAIORES CON 30 PRAZAS E 32 PISOS TUTELADOS DE ALUGER

Mellora dos servizos de conciliación:

### AMPLIACIÓN DE 12 PRAZAS NA ESCOLA INFANTIL BAROSA

Ampliación dos Servizos do Centro de Información á Muller  
Ampliación dos Servizos de Axuda a Domicilio

### MELLORAS DAS INSTALÓNS DOS COLEXIOS

(creación de zonas de xogos en todos os colexios, patios cubertos, payillóns polideportivos, suministración de enerxías renovables, urbanización de contornos) mediante acordos coa Consellería de Educación ata o ano 2006, interrompidos no 2007 de forma unilateral pola Delegación de Educación

### CONSERVATORIO

NOVAS INSTALÓNS HOMOLOGADAS

### BIBLIOTECA MUNICIPAL

NOVAS INSTALÓNS E AMPLIACIÓN DE HORARIOS

REFORZO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA

### CESIÓN DUN LOCAL PARA TODAS AS ASOCIACIÓNS VECÍNAIS TANTO DO NÚCLEO URBANO COMO DO RURAL



### TRANSPORTE ACCESIBLE PARA PERSONAS DEPENDENTES

(ANTA) con financiamento de Vicepresidencia

### ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

EN TODOS OS EDIFICIOS PÚBLICOS: ascensor no concello e salvaescaleras no mercado de abastos, financiados integralmente pola Deputación da Coruña (Área de Benestar)  
Elevador na piscina municipal, rampas e servizos adaptados na Casa da Cultura, no Auditorio municipal e no Pavillón polideportivo

Cesión polo concello das instalacións para un

### CENTRO DE DÍA E DE FORMACIÓN DE ASPANAES

(Asociación de Pais de Persoas Autistas e Psicóticas)

### IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE FISIOTERAPIA

NO CENTRO DE SAÚDE, CON EXECUCIÓN DAS OBRAS A CARGO DO CONCELLO

# QUE TEN UN CLARO COMPROMISO SOCIAL



### NOS 4 ANOS VINDEIROS:

DOTAREMOS DE LOCAIS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS, SOCIAIS, MEDIOAMBIENTAIS E DEPORTIVAS mediante convenio de colaboración coas Consellerías de Vicepresidencia e Vivenda e Solo

ABRIREMOS A CASA DA XUVENTUD, rehabilitando un edificio céntrico

FAREMOS LOCAIS DE ENSAIO E GRAVACIÓN nas Veigas, con achega íntegra de Vicepresidencia

AUMENTAREMOS OS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN EN PERÍODOS VACACIONAIS

IMPLANTAREMOS UNHA DAS 11 OFICINAS GALEGAS DE IGUALDADE E BENESTAR que prestará servizos de ámbito comarcal e creará novos postos de traballo

ESIXIREMOS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE A

RESTITUCIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA CON DUAS PEDIATRAS E O SERVIZO DE RADIOLÓXIA

RECLAMAREMOS Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN O REESTABLEMENTO DOS ACORDOS DE COLABORACIÓN SUSPENDIDOS E

UNHA OFERTA EDUCATIVA MÁS AMPLA E COHERENTE CO NOSO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO, INCORPORANDO NOVOS CICLOS DE FP: DE AUGA E ENERXÍA, DE FABRICACIÓN MECÁNICA...

2007/2011

2003/2007

### EQUIPAMOS CON ENERXÍAS ALTERNATIVAS AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

dotamos os telecentros con enerxía fotovoltaica e eólica, de calefacción ao conservatorio, de paneis solares conseguidor aos centros educativos e á Casa Dopeso, investigamos, demostramos e desenvolvemos seguidores solares ou exemplificamos na Casa da Enerxía o xeito de integrar enerxías renovables e a arquitectura nun edificio que promocionará o emprego das mesmas.

### AMPLIAMOS O HORARIO E MELLORAMOS AS INSTALACIÓNS DO PUNTO LIMPO

### POÑEMOS EN MARCHA A CASA DA ENERXÍA , UN ESPAZO PÚBLICO DE ENCONTRO ENTRE A RELACIÓN ANCESTRAL DA NOSA TERRA COA ENERXÍA, A REALIDADE INDUSTRIAL E O NOSO EXTRAORDINARIO PATRIMONIO NATURAL

dende a casa, que xa acolle a Fundación Axencia Enerxética Provincial, impulsaremos o emprego das enerxías renovables, convocaremos xornadas e encontros en torno á sostibilidade e poñeremos en valor o patrimonio cultural e natural das Pontes. Trátase dun proxecto pionero en Galicia que despois de 8 anos de dificultades e atrancos abrirá as portas en setembro, grazas ao esforzo do Concello e á colaboración da Deputación da Coruña



# QUE APOSTA POLO MEDIO AMBIENTE



### NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

### ACOMETEREMOS O SANEAMENTO DO RÍO,

a instalación de colectores, a eliminación dos puntos incontrolados de vertidos e limpeza das marxes

### POÑEREMOS EN MARCHA AS RUTAS DA ENERXÍA

complemento da Casa da Enerxía, son básicas para permitir aos visitantes descubrir a riqueza natural do Concello

### RECUPERAREMOS O MUÍÑO E A CENTRAL DE PRIETO

E POÑERÉMOLA EN FUNCIONAMENTO PARA PRODUCCIÓN HIDROELÉCTRICA

integrándoa coa Presa de Alende tanto no paseo do río como no Parque Temático da Enerxía

### MELLORAREMOS E AMPLIAREMOS AS ÁREAS RECREATIVAS

2007/2011

2003/2007

DESENVOLVEMOS UN MODELO DE XESTIÓN CULTURAL E DEPORTIVA COMPARTIDA COAS ENTIDADES ASOCIATIVAS MEDIANTE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CUN IMPORTE ANUAL DE MÁIS DE 400.000 EUROS



MELLORAMOS OS PROGRAMAS DAS FESTAS SEN INCREMENTAR O CUSTO PARA O CONCELLO

isto foi posible porque conseguimos novos patrocinios.  
Nas últimas festas, onde colaboraron Deputación de A Coruña, Turgalicia e Xacobeo son unha boa mostra

INCREMENTAMOS AS ESCOLAS MUNICIPALIS E AS ACTIVIDADES CULTURAIS


MELLORAMOS OS EQUIPAMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS: O TEATRO, A PISCINA E O CINE

RECUPERAMOS OS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DAS ESCAVACIÓNS DA DÉCADA DOS 90

Promovidas por Endesa e a Xunta de Galicia



## QUE GOZA COA CULTURA E O DEPORTE



NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

POÑEREMOS EN MARCHA O MUSEO DA MEMORIA  
en colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte integrando o patrimonio etnográfico e o patrimonio arqueolóxico recentemente recuperado

SEGUIREMOS MELLORANDO OS PROGRAMAS DAS FESTAS E AS PROGRAMACIÓNIS CULTURAIS MEDIANTE NOVOS PATROCINIOS

CONTINUAREMOS COA XESTIÓN PARTICIPATIVA

PROMOVEREMOS O USO DO GALEGO EN TODOS OS ÁMBITOS

2007/2011



OS ÚLTIMOS DATOS PECHADOS, E, POLO TANTO, CERTIFICADOS, SON OS DO ANO 2006, QUE DAN UN RESULTADO FINAL POSITIVO DE MÁS DE 830.000 EUROS, REMATANDO CON ANOS E ANOS DEFICITARIOS, NEGATIVOS, DESFAVORABLES DENDE O PUNTO DE VISTA ECONÓMICO.

No último Pleno do día 9 de maio dábase conta de como se está a cumplir o orzamento do ano 2007 nos tres primeiros meses; segundo os informes técnicos, **TODOS OS INDICADORES MELLORAN RESPECTO AO 2006, RESULTANDO NUNHA PREVISIÓN CARA A FINAL DE ANO, TAMÉN SEGUNDO OS MESMOS INFORMES, DUN SUPERÁVIT SUPERIOR AOS 1'5 MILLÓNS DE EUROS**; CANDO NO ANO 1999 SE DEBÍAN MÁIS DE 6 MILLÓNS.





# EXESTIONA OS RECURSOS CON EFICACIA


No 1999, despois de recoñecer todas as débedas ("sacar do caixón" todas as facturas) ou de anular, incluso mediante sentenza xudicial, as "dubidosas" (os máis de 300 millóns reclamados polo avogado do canon quedáronse en 15) e de eliminar os ingresos imposibles (os pasados de prazos, ou con fallos xudiciais contrarios como os 250 millóns de pesetas de ENDESA, ou licenzas non solicitadas, ou non reclamadas, ...), asumir o pufo nun só ano era imposible pola súa contía, xa que había que pagar, como mínimo, os salarios dos empregados e os gastos correntes (auga, luz, calefacción, ...), sen contar con sorpresas xudiciais (50 millóns máis pola ponte da presa de Alende, por exemplo). Tívose que repartir en anos, co compromiso de gastar menos do ingresado, e coa obriga de seguir prestando servizos aos veciños e de pagar as facturas, as presentes e as pasadas (de novo, moitas grazas ás empresas e aos comercios locais pola súa confianza). Pois ben, **A POLÍTICA ECONÓMICA PLANIFICADA E APLICADA DENDE O CONCELLO FOI QUEN, NON SÓ DE CUMPRIR AS OBRIGAS E OS COMPROMISOS, SENÓN TAMÉN DE AFORRAR ANO TRAS ANO PARA, EN MENOS DE DÚAS LEGISLATURAS, RECUPERAR O PERDIDO, o malgastado, o despilfarro en anos de bonanza, de "enchenta" económica.**

UNHA VEZ MÁIS OS DATOS OFICIAIS PERMITEN DEMOSTRAR COMO **O ESFORZO NON SE FIxo A CONTA DOS PETOS DOS VECIÑOS**, OS CALES PAGAN NA MESMA MEDIDA QUE O SERVIZO QUE SE LLES PRESTA, SENÓN CON BASE NOS ACORDOS COAS EMPRESAS PRIVADAS (ENDESA, EINSA, ...), ÁS INSPECCIÓNBS BEN FEITAS E REMATADAS, incluíndo a defensa xudicial (ENDESA, A CARBA, ...), E A COLABORACIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNBS PÚBLICAS, nomeadamente das áreas de Vicepresidencia, Promoción Económica e Sociocomunitaria na Deputación e as de Vicepresidencia, Cultura e Deportes, Innovación e Industria e Medio Rural na Xunta de Galiza.

POIS BEN, O CONCELLO DAS PONTES TEN POSSIBILIDADES ECONÓMICAS PARA PODER ENDEBEDARSE, TEN AVAL PROPIO PARA PEDIR PRÉSTAMOS, TEN CAPACIDADE PARA FACER INVESTIMENTOS, ...., **PORQUE TEMOS UN CONCELLO SANEADO.**



DENDE O  
BNG DAS PONTES  
PROPOÑEMOS  
UN EQUIPO  
EXPERIMENTADO  
CON NOVOS  
PROXECTOS  
E GANAS  
DE TRABALLAR



DENDE AS PONTES TAMÉN FACEMOS PAÍS



2007/2011

**vota**

